## Ourense

### Benestar Social

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 12 de maio de 2011, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

38.- Convocatoria de axudas en especie para o programa de comedor escolar.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade, acordou:

Primeiro: aproba-la convocatoria de concesión de axudas en especie para o programa de comedor escolar do Concello de Ourense para o ano 2011 - 2012.

Segundo: aproba-lo gasto por importe de 188.000 euros: 76.000 euros, con cargo á partida 150.2313.22642 do orzamento municipal vixente, e 112.800 euros, con cargo ós orzamentos do ano 2012.

Terceiro: ordena-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento e efectos.

Bases reguladores da concesión de axudas en especie para o Programa de comedor escolar

Curso académico 2011/2012

Artigo 1.º- Finalidade e obxecto.

As axudas obxecto de regulación por esta convocatoria están destinadas a facilitar comedor escolar ós/ás matriculados/as en centros públicos e privados concertados do termo municipal de Ourense, onde o dito servizo non estea subvencionado pola Delegación de Educación da Xunta de Galicia.

Artigo 2.º- Imputación orzamentaria e contía.

Por tratarse dunha convocatoria pública de axudas en especie, o procedemento e xestión non se axustará ó disposto no artigo 31 da Lei de subvencións, sen prexuízo de establecer unha contía global máxima para conceder por este concepto, que ascenderá neste caso a 188.800 euros, dos que 76.000 euros son con cargo á partida 150 2313 22642 do orzamento municipal vixente para os meses de setembro, outubro, novembro e decembro do 2011, e o resto con cargo ó orzamento do ano 2012, ascendendo á cantidade de 112.800 euros, que corresponderán ás axudas dos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño.

Artigo 3.º- Beneficiarios.

Alumnos/as de centros de educación infantil, primaria e secundaria dos colexios públicos e concertados.

Artigo 4.º- Requisitos.

Estaren empadroados no Concello de Ourense tódolos membros da unidade familiar.

Ter praza de comedor debidamente autorizada.

Ter presentadas as solicitudes e a documentación requiridas.

A renda per cápita das familias ás que se lles conceda a axuda non poderá exceder duns ingresos netos de 3.500 por membro familiar ó ano. Computarase como membros tódalas persoas que convivan no enderezo familiar.

Tódolos/as alumnos/as solicitantes, independentemente de que obtiveran axuda na convocatoria anterior, deberán participar como demandantes da nova adxudicación.

Tódolos beneficiarios das bolsas están obrigados a comunicarlle, á Concellería de Benestar Social do Concello de Ourense, a concesión de calquera axuda que se lles outorgara co mesmo fin para o seu goce no mesmo curso escolar.

Quedan comprometidos os pais dos alumnos dos centros concertados ó pago da contía restante á subvención municipal outorgada. O incumprimento deste requisito sería motivo de suspensión da subvención.

Artigo 5.º- Aumento da unidade familiar para os efectos do cálculo da renda per cápita.

- Computarase un membro máis no caso de presentar algún deles unha discapacidade igual ou superior ó 33%, ou situación asimilada.

- Tamén se computará un membro máis no caso de ser familia monoparental.

Artigo 6.º- Presentación, forma e prazos.

A solicitude coa documentación correspondente presentarase no Rexistro Xeral do concello ou mediante calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será de 15 días hábiles a partir da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 7.º- Instrución e resolución.

As solicitudes tramitaranse de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A instrución de concesión de subvencións corresponderalle ó xefe do Servizo de Benestar Social, responsable do programa de axudas de comedor, que realizará cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, podendo solicitar calquera documentación que consideren oportuna para a formulación da proposta de resolución.

De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, establécese o procedemento de instrución abreviado, consistente en que a proposta de concesión formalizaraa o órgano instrutor designado, que unicamente procederá a comproba-la concorrencia dos requisitos necesarios para a concesión da subvención, polo que non intervirá un órgano encargado de avalia-las solicitudes achegadas.

Publicaranse listas provisionais onde se reflectirán tódalas solicitudes: as completas e as pendentes de emendar documentación, establecendo os prazos legais para presentala e advertindo que, de non ser así, serán denegadas.

A resolución das solicitudes achegadas realizarase mediante decreto da Concellería de Benestar Social.

A resolución definitiva que se adopte e as listas de solicitudes concedidas e denegadas serán, así mesmo, publicada.

Ámbalas dúas listas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Ourense, en tódalas UNIS (Casco Vello, Centro, Couto e A Ponte) do Servizo de Benestar Social e na páxina web do Concello de Ourense. Estas publicacións substituirán a notificación nos termos dos artigos 59.6 b e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contra a resolución que poña fin ó procedemento administrativo poderá interporse un recurso de reposición perante a Concellería de Benestar Social, no prazo dun mes, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, sen prexuízo da interposición de calquera outro que estime conveniente.

Artigo 8.º- Pagamento de axudas en especie.

O pago realizarase contra a presentación da correspondente factura polos centros escolares, dirixida á Concellería de Benestar Social, cos requisitos legalmente establecidos, e con indicación clara e precisa do seu concepto así como a identificación do beneficiario da subvención.

Artigo 9.º- Procedemento sancionador.

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade que motivaron a concesión da axuda, o Concello de Ourense esixirá das persoas físicas ou xurídicas beneficiarias destas o reintegro das cantidades percibidas, de acordo co procedemento establecido na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ourense.

Artigo 10.º- Disposición derradeira.

En todo caso, o non especificado nestas bases axustarase ó disposto na Lei de subvencións de Galicia, á Lei xeral de subvencións e á Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ourense.

Documentación

- Folla de solicitude debidamente cuberta e asinada polo solicitante.
- Declaración xurada de non percibir outras axudas polo mesmo concepto doutras administracións.
- Fotocopia da declaración sobre a renda das persoas físicas correspondente ó exercicio de 2010 de tódolos membros computables da familia con obriga de declarar.

En caso de non ter presentado a declaración da renda:

- Certificado de empresa: quen non teña obriga de face-la declaración achegará un certificado de empresa correspondente ó exercicio 2010, ou datos que acrediten os ingresos obtidos nese ano.
- Fotocopia dos DNI dos membros da unidade familiar e do libro de familia.
- Certificado de vida laboral dos maiores de 16 anos.
- Certificado do INEM do cobro ou non de prestacións.
- Certificado de acollemento familiar remunerado.
- Certificado de prestación por fillo a cargo.
- Certificado de RISGA.
- Certificado de axuda de integración do menor.
- Declaración xurada de ingresos obtidos durante o exercicio 2010 no caso de que estes non sexan declarados.
- Fotocopia da sentenza de separación ou demanda xudicial no caso de separación ou divorcio.
- No caso de non percibir pensión alimenticia ou compensatoria presentarase fotocopia da denuncia de incumprimento da sentenza.
- Certificado de convivencia.

(Rendas menores de tres mil cincocentos euros por membro familiar ó ano)

ENTREGA-LAS SOLICITUDES NO REXISTRO DO CONCELLO
HORARIO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NA RÚA BISPO CARRASCOSA, N.º 14, LUNS, MARTES, MÉRCORES, XOVES E VENRES DE 9.00 A 13.00 HORAS

Curso 2011/2012

Expediente:_____________

SOLICITUDE:

DATOS PERSOAIS E FAMILIARES
APELIDOS:......................................................................................................................
NOME:............................................................................................................................
DATA DE NACEMENTO:.............................DE.......................................DE........................

ENDEREZO:
Rúa:................................................................................................................................
N.º:...........................Piso:......................Código
Postal:32.............Teléfono:..............................

CENTRO DE ENSINO:..............................................SELO DO COLEXIO:.........................
Nome e apelidos do pai:.................................................................NIF:.................................
Nome e apelidos da nai:……………………………………………NIF:..................................
Número total de membros da unidade familiar:...........................................................................

---

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE
Que non supero ó ano os seguintes ingresos netos:

| | |
|---|---|
| Dous membros familiares: 7.000 € | Tres membros familiares: 10.500 € |
| Catro membros familiares: 14.000 € | Cinco membros familiares: 17.500 € |
| Seis membros familiares: 21.000 € | Sete membros familiares : 24.500 € |
| Oito membros familiares: 28.000 € | Nove membros familiares 31.500 € |
| Dez membros familiares: 35.000 € | Once membros familiares: 38.500 € |
| Doce membros familiares: 42.000 € | Trece membros familiares: 45.500 € |

DECLARACIÓN XURADA:
Don/dona:.......................................................................................................................,
pai, nai, titor, declaro baixo xuramento que son certos tódolos datos consignados neste impreso e que o solicitante non percibe axuda económica de ningún outro organismo, polo que se acolle ó establecido polo Excmo. Concello de Ourense para a concesión de axudas en especie para o aboamento de bolsas de comedor escolar.
Comprométome a achegar, no caso de que me sexa concedida a axuda solicitada, os documentos que se esixan. Ó mesmo tempo, fago constar que coñezo a Orde ministerial do 24 de marzo de 1985 (BOE do 3 de abril), que establece sancións para os solicitantes de bolsa de estudos que presenten datos deliberadamente falseados.

Ourense, ............de........................2011

*Bienestar Social*

*La Junta de Gobierno Local, en sesión ordinaria de 12 de mayo de 2011, adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:*

*38.- Convocatoria de ayudas en especie para el Programa de Comedor Escolar.*

*La Junta de Gobierno Local, de conformidad con la propuesta, por unanimidad, acordó:*

*Primero: aprobar la convocatoria de concesión de ayudas en especie para el programa de comedor escolar del Ayuntamiento de Ourense para el año 2011 - 2012.*

*Segundo: aprobar el gasto por importe de 188.000 euros: 76.000 euros, con cargo a la partida 150.2313.22642 del presupuesto municipal vigente, y 112.800 euros, con cargo a los presupuestos del año 2012.*

*Tercero: ordenar su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia para su general conocimiento y efectos.*

*Bases reguladoras de concesión de ayudas en especie para el Programa de Comedor Escolar*

*Curso académico 2011/2012*

*Artículo 1º.- Finalidad y objeto.*

*Las ayudas objeto de regulación por esta convocatoria están destinadas a facilitar comedor escolar a los/las matriculados/as en centros públicos y privados concertados del término municipal de Ourense, donde dicho servicio no esté subvencionado por la Delegación de Educación de la Xunta de Galicia.*

*Artículo 2º.- Imputación presupuestaria y cuantía.*

*Por tratarse de una convocatoria pública de ayudas en especie, el procedimiento y gestión no se ajustará a lo dispuesto en el artículo 31 de la Ley de Subvenciones, sin perjuicio de establecer una cuantía global máxima para conceder por este concepto, que ascenderá en este caso a 188.800 euros, de los que 76.000 euros son con cargo a la partida 150 2313 22642 del presupuesto municipal vigente para los meses de septiembre, octubre, noviembre y diciembre de 2011, y el resto con cargo al presupuesto del año 2012, ascendiendo a la cantidad de 112.800 euros, que corresponderán a las ayudas de los meses de enero, febrero, marzo, abril, mayo y junio.*

*Artículo 3º.- Beneficiarios.*

*Alumnos/as de centros de educación infantil, primaria y secundaria de los colegios públicos y concertados.*

*Artículo 4º.- Requisitos.*

*Estar empadronados en el Ayuntamiento de Ourense todos los miembros de la unidad familiar.*

*Tener plaza de comedor debidamente autorizada.*

*Haber presentado las solicitudes y la documentación requerida.*

*La renta per cápita anual de las familias a las que se les conceda la ayuda no podrá exceder de unos ingresos netos de 3.500 por miembro familiar al año. Se computarán como miembros todas las personas que convivan en el domicilio familiar.*

*Todos los/as alumnos/as solicitantes, independientemente de haber obtenido ayuda en la convocatoria anterior, deberán participar como demandantes de la nueva adjudicación.*

*Todos los beneficiarios de las ayudas están obligados a comunicar, a la Concejalía de Bienestar Social del Ayuntamiento de Ourense, la concesión de cualquier ayuda que se le otorgara con el mismo fin para su disfrute en el mismo curso escolar.*

*Quedan comprometidos los padres de los alumnos de los centros concertados a los que se les conceda la subvención, al pago de la cuantía mensual restante a la subvención municipal otorgada. El incumplimiento de este requisito será motivo de suspensión de la ayuda concedida.*

*Artículo 5º.- Aumento de la unidad familiar a los efectos del cálculo de la renta per cápita.*

*- Se computará un miembro más en el caso de presentar alguno de ellos una discapacidad igual o superior al 33%, o situación asimilada.*

*- También se computará un miembro más en el caso de ser familia monoparental.*

*Artículo 6º.- Presentación, forma y plazos.*

*La solicitud con la documentación correspondiente se presentará en el Registro General del ayuntamiento o mediante cualquiera de las formas previstas en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y de Procedimiento Administrativo Común.*

*El plazo de presentación será de 15 días hábiles a partir de la publicación de estas bases en el Boletín Oficial de la Provincia.*

*Artículo 7º.- Instrucción y resolución.*

*Las solicitudes se tramitarán de conformidad con lo dispuesto en la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, y la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.*

*La instrucción de concesión de subvenciones le corresponderá al jefe de Servicio de Bienestar Social, responsable del Programa de Ayudas de Comedor Escolar, que realizará cuantas actuaciones estime necesarias para la determinación, conocimiento y comprobación de los datos, pudiendo solicitar cualquier documentación que consideren oportuna para la formulación de la propuesta de resolución.*

*De conformidad con lo dispuesto en el artículo 22 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, se establece el procedimiento de instrucción abreviado, consistente en que la propuesta de concesión será formulada por el órgano instructor designado, que únicamente procederá a comprobar la concurrencia de los requisitos requeridos para la concesión de la subvención, por lo que no intervendrá un órgano encargado de valorar las solicitudes presentadas.*

*Se publicarán listas provisionales donde se reflejarán todas las solicitudes: las completas y las pendientes de subsanar documentación, estableciendo los plazos legales para presentarla y advirtiendo que, de no ser así, serán denegadas.*

*La resolución de las solicitudes presentadas se realizará mediante decreto de la Concejalía de Bienestar Social.*

*La resolución definitiva que se adopte en las listas de las solicitudes concedidas y denegadas será asimismo publicada.*

*Ambas listas se publicarán en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Ourense, en todas las UNIS (Casco Vello, Centro, O Couto y A Ponte) y en la página web del ayuntamiento. Estas publicaciones sustituirán a las notificaciones en los términos del artículo 59.6 b y de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre.*

*Contra la resolución que ponga fin al procedimiento administrativo se podrá interponer un recurso de reposición ante la Concejalía de Bienestar Social, en el plazo de un mes, o un recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense, sin perjuicio de la interposición de cualquier otro que estime conveniente.*

*Artículo 8º.- Pago de ayudas en especie.*

*El pago se realizará contra la presentación de la correspondiente factura por los centros escolares, dirigida a la Concejalía de Bienestar Social con los requisitos legalmente establecidos, y con la indicación clara y precisa de su concepto, así como la identificación del beneficiario de la subvención.*

*Artículo 9º.- Procedimiento sancionador.*

*En caso de incumplimiento del objeto, condiciones o finalidad que motivaron la concesión de la ayuda, el Ayuntamiento de Ourense exigirá de las personas físicas o jurídicas beneficiarias de éstas, el reintegro de las cantidades percibidas, de acuerdo con el procedimiento establecido en la Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Ourense.*

*Artículo 10º.- Disposición última.*

*En todo caso, lo no especificado en las presentes bases, se ajustará a lo dispuesto en la Ley General de Subvenciones y en la Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Ourense.*

*Documentación*

*- Hoja de solicitud debidamente cumplimentada y firmada por el solicitante.*

*- Declaración jurada de no percibir otras ayudas por el mismo concepto de otras administraciones (modelo 2).*

*- Fotocopia de la declaración sobre la renta de las personas físicas correspondiente al ejercicio 2010 de todos los miembros computables de la familia con obligación de declarar.*

*En caso de no haber presentado la declaración de la renta:*

*- Certificado de empresa: quien no tenga obligación de hacer la declaración aportará un certificado de empresa correspondiente al ejercicio 2010, o datos que acrediten los ingresos obtenidos en este año.*

*- Fotocopia de DNI de los miembros de la unidad familiar y del libro de familia.*

*- Certificado de vida laboral de los mayores de 16 años.*

*- Certificado del INEM del cobro o no de prestaciones.*

*- Certificado de acogimiento familiar remunerado.*

*- Certificado de prestación por hijo a cargo.*

*- Certificado de RISGA.*

*- Certificado de ayuda de integración del menor.*

*- Fotocopia de la sentencia de separación o demanda judicial en el caso de separación o divorcio.*

*- En caso de no percibir pensión alimenticia o compensatoria, se presentará fotocopia de la denuncia de incumplimiento de la sentencia.*

*- Declaración jurada de ingresos obtenidos durante el ejercicio 2010, en el caso de que estos no sean declarados.*

*- Certificado de convivencia. (Empadronamiento de todos los miembros de la unidad familiar)*

*R. 2.039*

SOLICITUD BIENESTAR SOCIAL: AYUDAS DE COMEDOR
(Rentas menores de tres mil quinientos euros por miembro familiar al año)

ENTREGAR LAS SOLICITUDES EN EL REGISTRO DEL AYUNTAMIENTO
HORARIO DE ATENCIÓN AL PÚBLICO EN LA CALLE BISPO CARRASCOSA, N.º 14, LUNES, MARTES, MIÉRCOLES, JUEVES Y VIERNES, DE 9:00 A 13:00 HORAS.

Curso 2011/2012

Expediente:____________

SOLICITUD:

DATOS PERSONALES Y FAMILIARES
APELLIDOS:...........................................................................................................................
NOMBRE:..............................................................................................................................
FECHA DE NACIMIENTO:............................DE......................................DE……………..

DIRECCIÓN:
Calle:....................................................................................................................................
Nº.:..........................Piso:...................Código postal:32.............Teléfono:..............................

CENTRO DE ENSEÑANZA:.............................SELLO DEL COLEGIO:..............................
Nombre y apellidos del padre:......................................................NIF:....................................
Nombre y apellidos de la madre:..................................................NIF:....................................
Número total de miembros de la unidad familiar:......................................................................

---

DECLARO BAJO MI RESPONSABILIDAD
Que no supero al año los siguientes ingresos netos:

| | |
|---|---|
| Dos miembros familiares: 7.000 € | Tres miembros familiares: 10.500 € |
| Cuatro miembros familiares: 14.000 € | Cinco miembros familiares: 17.500 € |
| Seis miembros familiares: 21.000 € | Siete miembros familiares: 24.500 € |
| Ocho miembros familiares: 28.000 € | Nueve miembros familiares: 31.500 € |
| Diez miembros familiares: 35.000 € | Once miembros familiares: 38.500 € |
| Doce miembros familiares: 42.000 € | Trece miembros familiares: 45.500 € |

DECLARACIÓN JURADA:
Don/dona:..............................................................................................................................
Padre, madre, tutor, declaro bajo juramento que son ciertos todos los datos consignados en este impreso y que el solicitante no percibe ayuda económica de ningún otro organismo, por lo que se acoge a lo establecido por el Excmo. Ayuntamiento de Ourense para la concesión de ayudas en especie para el abono de ayudas de comedor escolar.
Me comprometo a presentar, en el caso de que me sea concedida la ayuda solicitada, los documentos que se exijan. Al mismo tiempo, hago constar que conozco la Orden Ministerial de 24 de marzo de 1985 (BOE 3 de abril) que establece sanciones para los solicitantes de ayuda de estudios que presenten datos deliberadamente falseados.

Ourense,............de........................2011.